



Secc. Sindical PSA-Peugeot-Citroën

REUNIÓN

DIRECCIÓN – COMITÉ 28/05/10

Na reunión de hoxe foron tratados estes temas:

Informe do 1º Trimestre

B9	C.4 (5 prazas)	C.4 (7 prazas)	Xsara Picaso	TOTAL
67.232	21.201	20.776	6.852	116.061

En materia de Absentismo e Seguridade e Saúde, coméntase o accidente grave que sufriu un traballador de Embutición o pasado martes o perder a falanxe dun dedo. Accidente sobre o cal o Delegado da C.I.G. xa elaborou o seu informe para que se determinen as causas.

No que respecta as Enfermidades Profesionais, pasan de 263 a 315.

Novos proxectos.- Tal como se fixeron eco os medios de comunicación, o pasado martes, e que deu lugar a nosa petición da celebración desta reunión, a Dirección confirma a decisión do Grupo de fabricar os modelos M3 e M4 para o ano 2012. Pola C.I.G. compartimos a importancia desta confirmación, non só polo que representa para os traballadores/as da Planta senón tamén para todo un tecido industrial do noso País, do que tanto depende da Automoción. Un recoñecemento para a man de obra da cal esperamos non supoña perda de dereitos.

Producción.- Dende a Dirección fáísenos un pequeno avance do período produtivo de Xullo a Outubro, debido o incremento de o redor dos 8.000 vehículos, sobre todo B9. Polo que,

-para o Sistema I implicaría unha alta actividade nas tres quendas durante estes meses é incluso, para o mes de Xullo, ter que habilitar sábados voluntarios e domingos noite.

-para o Sistema II, contando co incremento de cadencia a mediados do mes de xuño (45 veh/h), manifesta que teñen previsto habilitar de forma intensa sábados voluntarios. En canto o Xsara Picasso prolóngase a finais de novembro a súa produción.

Formación.- Preséntase un Plano de Formación Continua para acceder ás subvencións do Fondo Social Europeo nun 80% e da Xunta un 20%, cunha previsión de 1793 Hras para 434 persoas. Documentación que deberá analizar o Comité de Empresa para emitir a súa posición.

Confederación Intersindical Galega